

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011634	Politécnico de Vigo	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CSELE01	Sistemas electrotécnicos e automatizados	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0524	Configuración de instalacións eléctricas	2023/2024	0	140	0
MP0524_23	Configuración de instalacións para iluminación interior e exterior	2023/2024	0	35	0
MP0524_33	Configuración de instalacións solares fotovoltaicas	2023/2024	0	35	0
MP0524_13	Configuración de instalacións eléctricas en baixa tensión	2023/2024	0	70	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA CRISTINA SÁNCHEZ GONZÁLEZ,SANTOS SEARA ESCUDERO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0524_23) RA1 - Caracteriza instalacións de iluminación interior e exterior, identificando os seus compoñentes e analizando o seu funcionamento.
(MP0524_13) RA1 - Identifica os tipos de instalacións eléctricas de baixa tensión no contorno de edificios e iluminación exterior, describindo os seus elementos, as características técnicas e a normativa.
(MP0524_33) RA1 - Caracteriza os elementos que configuran instalacións solares fotovoltaicas, con descrición da súa función e das súas características técnicas e normativas.
(MP0524_33) RA2 - Configura instalacións solares fotovoltaicas, determinando as súas características a partir da normativa e as condicións de deseño.
(MP0524_13) RA2 - Caracteriza as instalacións eléctricas de baixa tensión en locais de características especiais e instalacións con fins especiais, identificando a súa estrutura, o seu funcionamento e a normativa específica.
(MP0524_13) RA3 - Determina as características dos elementos das instalacións eléctricas de baixa tensión no contorno de edificios e con fins especiais, para o que realiza cálculos e consulta documentación de fábrica.
(MP0524_13) RA4 - Configura instalacións eléctricas de baixa tensión no contorno de edificios e con fins especiais, para o que analiza condicións de deseño e elabora planos e esquemas.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0524_23) CA1.1 Definíronse as características do recinto.
(MP0524_13) CA1.1 Clasificáronse os tipos de instalacións e locais.
(MP0524_33) CA1.1 Clasificáronse as instalacións.
(MP0524_23) CA1.2 Estableceuse o nivel de iluminación.
(MP0524_13) CA1.2 Identificouse a estrutura das instalacións en edificios.
(MP0524_33) CA1.2 Identificáronse os parámetros e as curvas características dos paneis.

Crterios de avaliación do currículo

(MP0524_33) CA1.3 Identifícanse as condicións de funcionamento das baterías de distintos tipos.

(MP0524_13) CA1.3 Identifícanse as características das instalacións de iluminación exterior.

(MP0524_33) CA1.4 Recoñécense as características e a misión do regulador.

(MP0524_13) CA1.4 Recoñécense os elementos característicos do tipo de instalación.

(MP0524_33) CA1.5 Clasifícanse os tipos de convertedores.

(MP0524_33) CA1.6 Identifícanse as proteccións.

(MP0524_13) CA1.6 Diferenciáanse tipos de instalacións atendendo ao seu uso.

(MP0524_33) CA1.7 Recoñécense as características da estrutura soporte.

(MP0524_13) CA1.7 Identifícase a normativa de aplicación.

(MP0524_33) CA1.8 Recoñécense os elementos da instalación en planos e esquemas.

(MP0524_33) CA1.9 Identifícase a normativa de aplicación.

(MP0524_23) CA1.10 Aplícanse prescricións regulamentarias e criterios de calidade.

(MP0524_33) CA2.1 Interpretáanse as condicións previas de deseño.

(MP0524_13) CA2.1 Identifícanse os tipos de subministracións.

(MP0524_33) CA2.2 Identifícanse as características dos elementos.

(MP0524_13) CA2.2 Clasifícanse os emprazamentos e os modos de protección en instalacións de locais con risco de incendio e explosión.

(MP0524_13) CA2.3 Recoñécense as prescricións específicas para as instalacións en locais especiais.

(MP0524_13) CA2.4 Identifícanse as condicións técnicas das instalacións con fins especiais.

Criterios de avaliación do currículo
(MP0524_13) CA2.5 Recoñecéronse as proteccións específicas de cada tipo de instalación.
(MP0524_13) CA2.6 Diferenciáronse as condicións de instalación dos receptores.
(MP0524_33) CA2.8 Aplicáronse criterios de calidade e eficiencia enerxética.
(MP0524_13) CA2.9 Identificouse a normativa de aplicación.
(MP0524_13) CA3.2 Definiuse o número de circuitos.
(MP0524_13) CA3.8 Respectáronse as prescricións do REBT.
(MP0524_13) CA4.1 Interpretáronse as especificacións de deseño e a normativa.
(MP0524_13) CA4.5 Establecéronse hipóteses sobre os efectos que se producirían en caso de modificación ou disfunción da instalación.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0524_23) RA1 - Caracteriza instalacións de iluminación interior e exterior, identificando os seus compoñentes e analizando o seu funcionamento.
(MP0524_13) RA1 - Identifica os tipos de instalacións eléctricas de baixa tensión no contorno de edificios e iluminación exterior, describindo os seus elementos, as características técnicas e a normativa.
(MP0524_33) RA2 - Configura instalacións solares fotovoltaicas, determinando as súas características a partir da normativa e as condicións de deseño.
(MP0524_13) RA2 - Caracteriza as instalacións eléctricas de baixa tensión en locais de características especiais e instalacións con fins especiais, identificando a súa estrutura, o seu funcionamento e a normativa específica.
(MP0524_13) RA3 - Determina as características dos elementos das instalacións eléctricas de baixa tensión no contorno de edificios e con fins especiais, para o que realiza cálculos e consulta documentación de fábrica.
(MP0524_13) RA4 - Configura instalacións eléctricas de baixa tensión no contorno de edificios e con fins especiais, para o que analiza condicións de deseño e elabora planos e esquemas.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0524_23) CA1.3 Seleccionáronse os materiais.
(MP0524_23) CA1.4 Estableceuse a distribución xeométrica das luminarias.
(MP0524_23) CA1.5 Determináronse os parámetros luminotécnicos e o número de luminarias.
(MP0524_13) CA1.5 Relacionáronse os elementos coa súa simboloxía en planos e esquemas.
(MP0524_23) CA1.6 Dimensionouse a instalación eléctrica.
(MP0524_23) CA1.7 Seleccionáronse os equipamentos e os materiais auxiliares.
(MP0524_23) CA1.8 Aplicáronse criterios de aforro e eficiencia enerxética.
(MP0524_23) CA1.9 Utilizáronse aplicacións informáticas específicas.
(MP0524_33) CA2.3 Seleccionouse o emprazamento da instalación.
(MP0524_33) CA2.4 Calculouse ou simulouse a produción eléctrica.
(MP0524_33) CA2.5 Elaboráronse os esbozos de trazado e localización de elementos.
(MP0524_33) CA2.6 Dimensionouse a instalación.
(MP0524_33) CA2.7 Seleccionáronse os equipamentos e os materiais.
(MP0524_13) CA2.7 Identificáronse as características técnicas de canalizacións e condutores.
(MP0524_13) CA2.8 Relacionáronse os elementos das instalacións cos seus símbolos en planos e esquemas.
(MP0524_33) CA2.9 Elaboráronse os planos e esquemas.

Criterios de avaliación do currículo
(MP0524_13) CA3.1 Calculouse a previsión de cargas.
(MP0524_13) CA3.3 Determináronse os parámetros eléctricos: intensidade, caídas de tensión, potencia, etc.
(MP0524_13) CA3.4 Realizáronse cálculos de sección.
(MP0524_13) CA3.5 Dimensionáronse as proteccións.
(MP0524_13) CA3.6 Dimensionáronse canalizacións e envolventes.
(MP0524_13) CA3.7 Calculouse o sistema de posta a terra.
(MP0524_13) CA3.9 Utilizáronse aplicacións informáticas.
(MP0524_13) CA4.2 Elaborouse o cadro de cargas coa previsión de potencia.
(MP0524_13) CA4.3 Dimensionouse a instalación.
(MP0524_13) CA4.4 Seleccionáronse os elementos e os materiais.
(MP0524_13) CA4.6 Aplicáronse criterios de calidade e eficiencia enerxética.
(MP0524_13) CA4.7 Elaboráronse os planos e esquemas.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Establécense como mínimos exixibles a totalidade dos CA sinalados, polo que para acadar a avaliación positiva nas probas debe ter unha media dun 5 nas distintas probas teórico-prácticas relacionadas cos CA.

Criterios de cualificación:

- Rigor no manexo da documentación (Correcta interpretación de planos, de instrucións dos equipos/materiais e da normativa).
- Calidade da documentación (Verificación da idoneidade e integridade da documentación).
- Orde e método de traballo (Manter o contorno de traballo ordenado, limpo e seguro).

- Seguridade no traballo: (Extrema as precaucións con respecto ás persoas e os equipos).
- Busca a mellor solución: (Contémpanse aspectos de facilidade de mantemento e ampliación e de funcionalidade).

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

PROBA ESCRITA. (PE)

Consistirá nunha proba escrita na que o alumnado terá que desenvolver varias cuestións que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para cada unidade formativa.

O alumno traerá: bolígrafo, REBT e calculadora.

O profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará as probas escritas de cero a dez puntos, de acordo cos seguintes criterios:

- Para a súa superación o alumnado deberá obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.
- Unha folia sen nome será avaliada cun cero.
- Unha resposta que inclúa opcións ou resultados contraditorios será avaliada cun cero.

Finalizada esta primeira parte da proba, as comisións de avaliación exporán a puntuación obtida polas persoas aspirantes no taboleiro de anuncios do centro onde se realizou.

4.b) Segunda parte da proba

LISTAS DE COTEXO (LC)

Consistirán na resolución do proceso de cálculo de varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para cada unidade didáctica.

O profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará este tipo de proba de cero a dez puntos de acordo cos seguintes criterios xerais:



- Para a súa superación o alumnado deberá obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.
- A proba consistirá na resolución do proceso de cálculo de varios supostos prácticos.
- Cada suposto práctico valorarase como apto ou non apto.
- Para a superación da proba o alumnado deberá de obter como mínimo o 50% dos supostos prácticos como aptos.
- Unha folla sen nome será avaliada como non apto.
- Unha resposta que inclúa opcións ou resultados contraditorios será avaliada como non apto.

Finalizada esta segunda parte da proba, as comisións de avaliación exporán as puntuacións obtidas no taboleiro de anuncios do centro onde se realizou.